



## MEMORIA EXPLICATIVA

**DO CONTIDO DO PRESUPOSTO QUE FORMULA O SR. PRESIDENTE, EN CUMPRIMENTO O DISPOSTO NOS ARTIGOS 168.1, a) DA LEI 2/2004, DE 5 DE MARZO, TEXTO REFUNDIDO DA LEI REGULADORA DAS FACENDAS LOCAIS E 18.1 a) DO REAL DECRETO 500/1990, DE 20 DE ABRIL.**

Procedéndose á formación do Presuposto da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais, correspondente ao exercicio de 2017, o contido do mesmo, en síntese é o seguinte:

### ESTADO DE GASTOS

En relación cos gastos correntes, prevense os correspondentes créditos destinados ós gastos de persoal en función das retribucións reguladas na lexislación vixente. Debemos indicar que as cantidades son as mesmas que o ano pasado, xa que tendo en conta que a estas altura non están aprobados os Presupostos Xerais do Estado para o ano 2017 e polo tanto non están aprobados os incrementos retributivos dos empregados públicos, decidiuse deixar consignadas as cantidades que o ano anterior se destinaron ao pago do resto da paga extra do ano 2012 para poder afrontar posibles incrementos retributivos. Esta cantidade ascende a 5.685,71 €, que representa o 1,16% das retribucións. Ascendendo o capítulo I á cantidade de 504.625,00 €.

Tomando como antecedente as necesidades dos distintos servizos que deben prestarse durante o exercicio económico, consignáronse os créditos necesarios para a compra de bens correntes e gastos fixos para atender os servizos básicos e incrementáronse notablemente os créditos para actividades e gastos voluntarios. Neste aspecto cabe destacar que se mantén a aplicación presupostaria de enerxía eléctrica, limpeza e mantemento de instalacións, xa que as mesmas xa foron incrementadas no ano anterior aos efectos de contemplar maiores usos de instalacións que estaban a ser reformadas. Incrementáronse a aplicación presupostaria de actividades deportivas en 20.000 € coa intención de organizar mais actividades deportivas, ademais aumentase o crédito de Escolas Deportivas en 2.000 € para afrontar a organización dunha escola de vela. En consecuencia o capítulo II ascende a 472.120 €, que representa un incremento con respecto ao ano anterior de 22.000 €.



Ao obxecto de prever a concesión de subvencións e axudas económicas que poidan outorgarse ao longo do exercicio, consígnanse créditos no capítulo IV por importe de 120.000,00 €, que representa un incremento de 10.000 € con respecto ao ano pasado, que van destinados as subvencións para actividades extraordinarias que crece un 50 % sobre a cantidade do exercicio anterior, coa finalidade de premiar a calidade dos actividades que se están a realizar polos clubs e o seu esforzo.

Por último, establece unha partidas de inversións no capítulo VI por importe de 10.000 €, destinada a compra de determinados bens como: uns banquillos do C.F. A Lomba, as portas antipánico do Pavillón Castela e cadeiras para a oficina da Fundación de Deportes. As grandes inversións a realizar nas instalacións deportivas están recollidas no anexo de inversións do orzamento municipal.

En consecuencia, resulta que as principais modificacións que se introducen no estado de gastos tanto a nivel de clasificación económica como funcional **representan un incremento de 42.000 € con respecto ao ano anterior**, e son as que, de forma resumida, indícanse:

#### GASTOS CLASIFICACIÓN ECONÓMICA

CAPÍTULO	CLASIFICACIÓN 2016	CLASIFICACIÓN 2017	DIFERENZA
I	504.625,00	504.625,00	0,00
II	450.120,00	472.120,00	22.000,00
III	50,00	50,00	0,00
IV	110.000,00	120.000,00	10.000,00
VI	0,00	10.000,00	10.000,00
<b>TOTALES</b>	<b>1.064.795,00</b>	<b>1.106.795,00</b>	<b>42.000,00</b>

#### GASTOS CLASIFICACIÓN FUNCIONAL

AREA	CLASIFICACIÓN 2016	CLASIFICACIÓN 2017	DIFERENZA
3	1.064.795,00	1.106.795,00	42.000,00
<b>TOTALES</b>	<b>1.064.795,00</b>	<b>1.106.795,00</b>	<b>42.000,00</b>



## ESTADO DE INGRESOS

En canto aos recursos ordinarios comprendidos nos Capítulos III ó V, foron consignados todos aqueles que proceden, tomándose como base o acordo regulador en vigor do prezo público pola utilización de instalacións deportivas, consignándose o mesmo importe no prezo público por utilizacións de instalacións deportivas e o prezo público por prestación de actividades deportivas, tal e como se está a manifestar na execución do presuposto do exercicio 2016.

Por outro lado, tívose en conta as transferencias correntes procedentes do Concello, que se incrementa en 42.000 € con respecto á do ano anterior, representando as transferencias do Concello o 92,34% do presuposto de ingresos da Fundación . Mantéñense as transferencias da Deputación e as transferencias de empresas privadas no mesmo importe que o ano anterior.

Dentro dos ingresos patrimoniais recóllense os ingresos polas licitacións das cafeterías do Pavillón de Fontecarmoa e do C.F. Manuel Jiménez.

En resumo, o presuposto actual crece en 42.000,00 € con respecto ao exercicio anterior, derivado na súa totalidade pola maior aportación do Concello . As principais modificacións que presenta o estado de ingresos, en relación co presuposto do exercicio anterior, son as que, en resumo, relaciónanse a continuación:

### INGRESOS CLASIFICACIÓN ECONÓMICA

CAPÍTULO	CLASIFICACIÓN 2016	CLASIFICACIÓN 2017	DIFERENZA
III	54.010,00	54.010,00	0,00
IV	1.001.000,00	1.043.000,00	42.000,00
V	9.785,00	9.785,00	0,00
<b>TOTALES</b>	<b>1.064.795,00</b>	<b>1.106.795,00</b>	<b>42.000,00</b>

## BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO

As bases de execución do orzamento da Fundación de Deportes son as mesmas que as do Concello, por elo propónse unha modificación na base 9ª para recoller o cambio de nivel de vinculación do capítulo VI (inversións) da Fundación, pasando de vincular a nivel artigo para vincular a nivel capítulo, co obxectivo de conseguir unha maior axilidade e aproveitamento das cantidades consignadas.

En Vilagarcía de Arousa, a 13 de xaneiro de 2017

O PRESIDENTE DA FUNDACIÓN DE DEPORTES

Argimiro Serén Mera.

